


O acento diacrítico

Utilízase o acento gráfico para distinguir dúas palabras que polas regras que xa coñecemos de agudas, graves... non se acentuarían pero como se escriben igual pode haber confusións e por iso se acentúa unha das dúas formas para diferencialas:



a pola



a póla

- **á** (a + a artigo; subst.) **a** (artigo; pron.; prep.)

a señora foi a Madrid á ópera

artigo preposic contracción

- **ás** (a + as artigo; subst.) **as** (artigo; pron.)

as alumnas foron ás bibliotecas todas da cidade

- **bóla** ('esfera') **bola** (peza de pan)

- **chá** ('plana') **cha** (che + a)

A terra non é chá; non cha devolvo

- **cómpre** ('é mester') **compre** ('merque')

cómpre que el compre un coche

- **cómpren** ('son mester') **compren** ('merquen')

cómpren mascarillas; cómpren que os hospitais compren mascarillas

precísanse

- **dá** (pres. e imp. de dar) **da** (de + a)

dá pena ver a ese neno tan só.

- **dás** (pres. de dar) **das** (de + as)

Ti dás apoio aos que veñen pedindo axuda

- **dó** ('compaixón') **do** (de + o)

Dá dó ver sufrir a xente do país

pena

- **é** (pres. de ser) **e** (conx. (castelán "y"))

Xoán é enxeñeiro e Pedro é albanel

- **fóra** (adv.) **fora** (pretérito imperfecto de ser e ir)

Aí fóra hai un señor que fora director deste instituto

- **máis** (adv. e pron.) **mais** (conx.)

ti queres máis, mais non podemos darche

- **nó** (subst.) **no** (en + o)

fixo un nó no cordón do zapato

- **nós** (pron. tónico; pl. de nó) **nos** (pron. átono; en + os)

nós non nos coñecemos

- **óso** (do corpo) **oso** (animal)

- **pé** (parte do corpo) **pe** (letra)

- **póla** ('rama') **pola** ('galiña'; por + a)

- **pór** ('poñer') **por** (prep.)

por pór música tan alta puxéronlle unha multa

poñer

- **présa** ('apuro') **presa** ('prendida'; 'presada')

colleu unha presa de caramelos e marchou á présa

- **só** (adv. e adx.) **so** (prep. significa "debaixo de" e apenas se usa)

Esta moi só; só quedas ti por pagar

- **té** ('infusión') **te** (pron.; letra)

o meu nome empeza por te

toma té coma os ingleses

- **vén** (pres. de **vir**) **ven** (pres. de **ver**; imperativo de **vir**). **OLLO**: cando é imperativo de **VIR** non se acentúa!!!

el vén do instituto; eles ven a televisión

- **vés** (pres. de **vir**) **ves** (pres. de **ver**)

ti vés do instituto; ti ves a televisión

- **vós** (pronome tónico, (cando en castelán se pode poñer "vosotros") **vos** (pron. átono)

vós non vos coñecades



o pé



a pe